

Bases Legais Concurso Christmas de Nadal da Efa Piñeiral

OBXETO E ÁMBITO .

A Efa Piñeiral organiza entre a súa comunidade educativa o concurso “Christmas de Nadal” para seleccionar **a imaxe** que será empregada na felicitación dixital do centro educativo neste Nadal 2021.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

No concurso poderán participar todos os alumnos actualmente matriculados nos ciclos formativos da Efa Piñeiral.

Cada autor/a poderá participar cun máximo de 3 propostas realizadas con material e técnica libre, manual, mecánica ou dixital, sempre que estes sexan orixinais e poida acreditar a súa autoría.

MECÁNICA DA PROMOCIÓN

As propostas deben remitirse electrónicamente dende **o 03 de Decembro ata o 13 de Decembro (23.59 horas) de 2021** mediante envío ó mail **pineiral@pineiral.es** indicando no asunto: CONCURSO POSTAL NADAL.

O arquivo ou arquivos deben remitirse en formato .jpg ou .pdf. A imaxe debe ser horizontal.

No arquivo non debe incluírse o nome do autor/a nen debe contemplar elemento algún que poida propiciar a súa identificación.

XURADO

Estará composto por profesorado, persoal non docente da Efa Piñeiral e profesionais relacionadas con aspectos culturais e/ou artísticos.

Valorarase especialmente: a creatividade e orixinalidade do arte final, adecuación para o fin destinado, o impacto visual e a axeitada representación do espírito e ambiente Navideño.

ELECCIÓN

A elección dos premiados realizarase o 14 de decembro de 2021 mediante valoración anónima do xurado.

GAÑADORES E COMUNICACIÓN

Resultarán tres pezas semifinalistas, das cales a que reúna maior número de votos será a gañadora. En caso de empate, a dirección do centro poseerá o voto de calidade.

A obra elixida como 1º premio será a imaxe a empregar na Postal.

A comunicación dos gañadores farase mediante publicación nos taboleiros do centro das propostas finalistas.

PREMIOS E RECOÑECEMENTOS

PREMIOS

1º premio: Inclusión nominativa do nome do autor na Postal de Nadal corporativa do centro. Detalle doce de elaboraci3ns navideñas do Obrador Piñeiral.

2º premio: Detalle doce de elaboraci3ns navideñas do Obrador Piñeiral.

3º premio: Detalle doce de elaboraci3ns navideñas do Obrador Piñeiral.

En ningún caso os premios poden ser canxeados polo valor metálico.

Os 3 orixinais premiados e os seus dereitos de imaxe pasarán a ser propiedade da Efa Piñeiral, que poderá reproducilos, modificalos e aplicalos a distintos formatos e soportes sen autorizaci3n do/a autor/a. Cada gañador só pode levar un único premio, no caso de pertencer ao mesmo autor/a varias pezas premiadas, o premio pasa á seguinte proposta con maior número de puntos.

Os 3 premiados serán expostos nas carteleiras, redes, web e taboleiros do centro.

A Organizaci3n resérvase o dereito a deixar baleiros os premios, así como a rexeitar para concurso calquera peza que considere, ou que non se axuste ás presentes bases.

A participaci3n no concurso sup3n a aceptaci3n destas bases, sendo a decisi3n do xurado inapelable.